



**GALEGO**

para peques



# Que é Galego para peques?

Galego para peques é unha canle de YouTube con vídeos animados en galego para a infancia.

Ligazón á canle:





## Obxectivos xerais e específicos:

Galego para peques é un proxecto audiovisual pensado para estender o uso do galego na infancia. Con isto pretendemos proporcionar recursos audiovisuais para o ensino e as familias, o máis atractivos posibles, que poidan favorecer o consumo de música e narrativa en galego nestas primeiras etapas. Outro dos obxectivos foi achegar este material cunhas cores, iluminación e sons agradables e suaves, sen abusar de cambios bruscos de luz, de son ou de cor, e coas ferramentas para facelo incluso ás persoas con necesidades educativas especiais.





## Persoas destinatarias:

O contido deste proxecto está pensado para peques de infantil e incluso primeiras etapas da educación primaria, para desfrutar en familia ou para que as docentes usen como material de apoio nas aulas mentres as crianzas aprenden a ler e escribir as letras, as cores, os números, as partes do corpo, o consentimento, vocabulario de animais ou de medios de transporte.



## Temporalización:

O proxecto nace en outubro de 2023, creando contido periodicamente desde entón e contando na actualidade con máis de trinta vídeos na nosa canle de Youtube, multitude de publicacións nas redes sociais, cancións en todas as plataformas dixitais de música e facilitando material de apoio para traballar os conceptos cos nenos e nenas.







Continuaremos subindo material, intercalaremos vídeos sobre as letras, cancións, sobre vocabulario, eventos ou festividades do calendario galego, contos, así como demais temáticas que se nos ocorran, que nos proporcione a ensinanza do noso fillo de 4 anos ou que nos propoñan as seguidoras, tal como viñemos facendo desde que naceu este proxecto.





## Necesidades e recursos:

Para desenvolver este proxecto empregamos:

Ordenador portátil

Teléfono intelixente

Interface de audio USB Behringer UM2

Cable XLR

Micrófono Audio Technica 2020

Auriculares

Pé de micrófono

Filtro anti-pop.





En canto ao Software empregamos:

Como DAW, ou estación de traballo dixital de audio, o programa REAPER, que conta cunha versión de proba ilimitada.

Para conseguir instrumentos ou efectos virtuais descargámoslos na páxina [plugins4free.com](http://plugins4free.com) de xeito gratuito.

Para realizar as ilustracións, tanto dos debuxos como das miniaturas ou portadas dos vídeos para o YouTube e demais redes sociais empregamos o programa GIMP, que é gratuito.

Para a edición do vídeo usamos o programa Kdenlive, tamén gratuito.

Para a masterización das cancións usamos a páxina [masteringbox.com](http://masteringbox.com) que permite unha masterización diaria de xeito gratuito.





## Accións, medidas e actuacións concreta

En canto aos vídeos dos que consta o proxecto contamos con diferentes formatos.

Por unha banda as **cancións**, de creación propia ou traducidas a partir de cancións infantís internacionais, cos seus respectivos videoclips animados. Están ideadas para aprender os números e a súa representación gráfica, as cores, as rimas, as formas xeométricas, o consentimento, os días da semana ou as partes do corpo en galego. Son vídeos curtos, de entre un e tres minutos, animados con debuxos en 2D, primando o uso de animais ou animais humanizados para facelos máis atractivos, sen bordes destacados, con cores suaves e sen cambios de son ou luz bruscos para afectar o menos posible aos peques e






non tentar captar a súa atención mediante eses métodos máis invasivos. Sempre que podemos repetimos os protagonistas dos nosos vídeos para ir creando un imaxinario asociado á canle. Todas as cancións contan con subtítulos para ir familiarizando a representación gráfica das letras, ou grafía, coa voz de cada canción, agás que xa no propio vídeo aparezan as letras como parte da escena.

Tamén fixemos dous **recompilatorios** de cancións, un de 12 e outro de 25 minutos aproximadamente, para empregar en situacións nos que non se poida estar tan pendente de cambiar dun vídeo para outro.





Por outra banda creamos vídeos para aprender a ler e escribir as letras, nas que cada letra animada interactúa cos espectadores, amosa como se escribe, tanto en maiúscula como minúscula, e xoga a descubrir en paneis palabras que comecen ou conteñen a letra en cuestión.




Tamén achegamos contos, coa mesma estética, intencións visuais e sonoras pouco invasivas que teñen as cancións.

E por último vídeos para traballar vocabulario de animais, medios de transporte ou o abecedario.



Aproveitando as cancións coas que contamos tamén as quixemos ir engadindo mediante vídeos apoiadas en pictos ou pictogramas, unha ferramenta de comunicación aumentativa e alternativa (CAA) que adoita empregarse para axudar ás persoas con necesidades educativas especiais a comunicarse, a comprender o mundo que as rodea e a desenvolver as súas habilidades.

Por outra banda, en colaboración coa AGAL, estamos subindo os vídeos das cancións con subtítulos no galego internacional ou galego-portugués.





Co obxectivo de apoiar os vídeos creamos **fichas** asociadas a algunhas das cancións, que poderedes atopar na ligazón inserida na seguinte imaxe:



Son fichas para **pintar, colorear ou unir** as personaxes que aparecen nos nosos vídeos e traballar os conceptos tamén deste xeito. Unhas tarefas sinxelas pensadas para as idades ás que están enfocadas os vídeos. O material facilitámolo de xeito **gratuito** nas descrições de cadanseu vídeo asociado, así como en publicacións que subimos nas demais redes sociais de Galego para peques co obxectivo de darlle maior visibilidade e interacción.







En canto ás demais **redes sociais** de Galego para peques están pensadas para dar a coñecer máis este proxecto, **crear comunidade** e **interactuar** coas persoas que nos seguen, neste caso familia ou docentes dos peques, principalmente. Son ferramentas imprescindíbeis xa que YouTube non distingue nin Galicia como zona xeográfica nin o galego como idioma para moitas das posibilidades que ofrece e, por outra banda, ao tratarse dunha canle infantil, non se permiten os comentarios nos vídeos debido ás políticas de protección de menores, polo que a labor nas demais redes sociais faise máis importante para achegar o proxecto ás familias e docentes galegas.

As ligazóns das demais redes sociais son as seguintes:





A maiores estamos subindo as nosas cancións ás plataformas dixitais de música, Apple music, Amazon music ou Spotify, entre outras, para quen queira poida desfrutar do noso contido sen necesidade das pantallas.

Ligazón ao Spotify na imaxe:





## Avaliación:

En canto á avaliación do proxecto levamos a día de hoxe, 23 de xaneiro de 2025, 153.907 reproducións na canle de Youtube, cun total de 1265 persoas subscritas e 32 vídeos subidos.

Nas redes sociais contamos con 1320 seguidores no Instagram, 654 en X, 409 no TikTok e 135 na páxina de Facebook e 52 no Bluesky.

Fai un par de semanas decidimos cambiar o nome do proxecto de Galego para nenos a Galego para peques, tentando ser máis inclusivos e igualitarios en todos os aspectos do proxecto. Debido a este cambio o contador do Spotify volveu a cero, pero en conxunto levamos desde o 9 de decembro de 2024 unhas 1000 reproducións das cancións en Spotify.





Tamén contamos con reproducións nas demais plataformas de audio, por exemplo en YouTube Music unhas 4.000 reproducións.

Este ano somos finalistas do premio Youtubeiras +, na categoría de calidade lingüística. Os resultados coñeceranse na gala do próximo día 1 de febreiro de 2025.

Ligazón á canle:

